



POLÍTICA E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA 2023-2026

Aprobada polo Comité de Dirección da EIDUDC na súa sesión do 15 de decembro de 2023

A Escola Internacional de Doutoramento da Universidade da Coruña (EIDUDC) comprométese publicamente co desenvolvemento dunha política de calidade para promover, a través do seu Sistema de Garantía de Calidade (SGC), a mellora continua de todas as actividades vinculadas cos estudos de doutoramento (docentes, investigadoras e de xestión).

Para iso, a EIDUDC define a súa política e os seus obxectivos de calidade de modo que sexan coherentes cos definidos pola propia UDC no seu Plan Estratéxico.

Así, a política de calidade da EIDUDC determínase de acordo coas seguintes directrices xerais:

- Manter unha oferta formativa axustada á demanda, as necesidades, as expectativas e a satisfacción da sociedade en xeral e, en particular, dos grupos de interese.
- Establecer unha oferta formativa consolidada e de elevado nivel de calidade, con recoñecemento nacional e internacional.
- Asegurar a implantación, o desenvolvemento e o seguimento da oferta formativa e do propio SGC, co compromiso permanente de mellora continua e realización das accións necesarias para manter e mellorar a calidade.
- Promover, a través da formación continua, a mellora da calidade do Persoal Docente e Investigador (PDI), do Persoal de Administración e Servizos (PAS) e do persoal de calidade.

A EIDUDC configura a súa política de calidade a través de **obxectivos estratéxicos** que son coherentes cos definidos pola propia UDC no seu Plan Estratéxico:

- OE1. Proporcionar unha oferta formativa consolidada, dirixida cara a excelencia e acorde coa dispoñibilidade e o potencial da UDC, que satisfaga as necesidades e expectativas dos grupos de interese, e fomente a igualdade de oportunidades.
- OE2. Promover a mobilidade e a internacionalización, fomentando a captación de alumnado estranxeiro e a mobilidade do alumnado e do profesorado mediante alianzas colaborativas con institucións e organismos internacionais que favorezan o intercambio e a transferencia de coñecemento.
- OE3. Promover a presenza da EIDUDC e dos seus programas de doutoramento na sociedade, mediante a súa difusión nas redes sociais e medios de comunicación, e a participación en xornadas.
- OE4. Asegurar que o SGC da EIDUDC e a súa Política de Calidade se revisan de maneira periódica, se adaptan á normativa vixente e ás necesidades específicas de cada momento, están a disposición dos grupos de interese e son entendidos e aceptados por todos eles.
- OE5. Potenciar os espazos, as infraestruturas e os recursos humanos para un mellor funcionamento dos estudos de doutoramento.